



Paraíso  
entre ríos

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

## Medidas excepcionais pola seca

Ante a grave situación de seca que estamos a padecer, é importante que nos concienciamos na adopción de medidas responsables para facer un uso prudente da auga, aplicando medidas de aforro que limiten o seu consumo.

O Concello, moi preocupado por esta situación, está poñendo tódolos medios posibles para o coidado do subministro, realizando controis por toda a rede de abastecemento co fin de subsanar, coa maior celeridade, as fugas que poidan darse no seu percorrido, procurando realizar as reparacións durante a noite a fin de que os cortes derivados das mesmas causen o menor trastorno posible.

Con caudais baixo mínimos, resulta imprescindible adoptar medidas de control a fin de evitar problemas no abastecemento deste ben tan importante para as nosas vidas; é por iso que ***se prohíbe o emprego da auga da traída municipal para usos que non sexan os estritamente domésticos.***

A nosa Comunidade leva desde xaneiro en situación de prealerta por seca e, desde entón,



lonxe de mellorar, foi empeorando convertendo a este ano, nun dos peores segundo os rexistros do Organismo Augas de Galicia.

Nunca debemos esquecer que todos somos responsables á hora de protexer os recursos que nos proporciona o noso entorno; a colaboración e o compromiso de tódolos veciños resulta imprescindible para o bo funcionamento dos servizos que necesitamos e dos que nos beneficiamos no noso día a día.

*O voso Alcalde*

## O uso da auga

Levamos encadeando anos hidrolóxicos con choivas menores do normal o que produce unha consecuencia directa na auga embalsada e, polo tanto, no abastecemento da traída municipal.

Seguimos a recordar as medidas que **debemos adoptar** no uso da auga:

1. **A auga é só para uso doméstico; NON REGUES**
2. Pecha a villa mentres lavas os dentes, te afeitas ou non a necesitas
3. Gasta menos auga unha ducha que un baño
4. Pon sempre a lavadora e o lavavaixelas cheos; podes aforrar uns 50 litros
5. O bo reparto da auga é algo que nos afecta a todos; usa este ben sen destragalo e avisa de calquera avería que detectes

Na nosa Comunidade, a Xunta de Galicia xa ten declarado o nivel de alerta en algunha das zonas, **entre elas a nosa**, tras afrontar o ano "máis seco da historia" no que as choivas quedaron un 40% por debaixo da media, moi lonxe do 61% do ano pasado, dato que obriga a concienciar sobre o uso responsable deste prezado ben.

A actual declaración do nivel de alerta deixa a máis da metade de Galicia, que acumula 150 centrais hidroeléctricas, a un paso da situación de emerxencia. Esta situación ten repercusións a varios niveis:

- Danos na agricultura
- Menor electricidade a través das centrais hidroeléctricas (fontes renovables)
- A falta de auga nos embalses terá que ser suplida queimando carbón e gas para producir electricidade e isto supón a xeración de gases efecto invernadoiro

Son datos que debemos ter en conta á hora de malgastar un recurso que está a ser escaso e sen o que non podemos vivir.

## Proxectos urxentes a realizar polo Concello

### Proxecto de obra de ampliación e mellora da captación de augas municipal no lugar de Casal

Co obxecto de reforzar o subministro de auga nas parroquias do Concello e paliar as deficiencias que a seca está a producir nos mesmos, o Alcalde ven de encargar a elaboración do proxecto de **"OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA CAPTACIÓN DE AUGAS MUNICIPAL NO LUGAR DE CASAL"**.

Por un importe total de **33.385,32 €**, esta obra realízase co obxecto de proporcionar unha mellora no servizo, garantindo o abastecemento de auga potable nos domicilios.

Neste momento, e debido á persistente seca que está afectando, non só a Paderne, senón a todo o territorio nacional, os veciños están a sufrir as molestias da escaseza de auga nos mananciais, o que repercute directamente no desenvolvemento da vida diaria.

Esta obra de ampliación e mellora na captación de auga no lugar do Casal, busca garantir este servizo básico en tódolos fogares e paliar as deficiencias detectadas no subministro coa ampliación dos mananciais existentes.

### Convenio entre o Concello de Paderne e a Deputación da Coruña para a execución da obra "Ampliación e mellora rede abastecemento domiciliario de auga potable"

O Alcalde ven de asinar un convenio coa Deputación da Coruña para a execución do proxecto: **"Ampliación e mellora rede abastecemento domiciliario de auga potable"** por un importe total de **96.178,44 €** no que están contempladas as seguintes obras:

- Ampliación traída de auga Eirovello
- Captación Fraga
- Captación Pedregoso

Estas obras van a reforzar o abastecemento de auga na traída municipal garantindo e ampliando o seu subministro.

Completan así unha serie de accións encamiñadas a evitar os problemas que se presentan en períodos prolongados de seca coa adopción de medidas que garantan o subministro de auga potable para o consumo dos veciños.

## Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal "POS+ Adicional 1/2017"

Ven de ser aprobado en Pleno de 30/10/2017 a inclusión, no POS+ Adicional 1/2017, das seguintes obras:

Por un total de **49.620,73 €**: Camiño de Moire ao Carballo: Porto-Moire-O Carballo  
Camiño estrada provincial A Pena en Obre

## Contratación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal "POS+ Adicional 1/2017"

Ven de ser aprobada en Xunta de Goberno de 27/10/2017, a contratación do POS+ 2017 que inclúe melloras da pavimentación nas parroquias de Souto, Velouzás, Paderne e Adragonte.

**Por un importe total de 114.723,82 €**: Paderne-A Cruz

Aglomerado do campo da festa de Souto e accesos • Camiño As Palmeras-A Costa

**Por un importe total de 42.841,67 €**: Camiño de Porto-Moire-As Palmeras

**Por un importe de 42.158,32 €**: Camiño curva do Cais-Esperela

Camiños núcleo Paderne de Abaixo • Camiño Gunduriz-Casa de Sixto-Sas

## Desbroces

Vai a dar comezo a 1ª Fase das labores de desbroce por todo o termo municipal como unha importante medida para preparar o Concello cara ós meses de primavera e verán.

O control de malezas nas ribadas, camiños e espazos de dominio público é unha labor moi importante que non só repercuta na estética do noso entorno, senón que é básica para a prevención e control dos incendios. Con este fin, o Concello está a realizar un importante esforzo cara á protección do noso medio ambiente.

## Mellora da accesibilidade

Segundo a Orde do 21 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, da Consellería de Política Social, o Concello de Paderne ven de solicitar unha axuda de **77.999,99 €** para o proxecto de "Mellora da accesibilidade no Concello de Paderne".

Este proxecto contempla a colocación de paneis informativos nas parroquias coa finalidade de facilitar o acceso á información, tanto municipal, como calquera outra que poida ser de interese para a poboación servindo tamén como medida de loita contra as pegadas indiscriminadas no mobiliario público.

## Medidas contra os incendios forestais

### Limpeza de fincas e montes

Ante a devastación que os incendios forestais viñeron a producir en todo o territorio levando por diante a vida de persoas, vivendas, recursos naturais, ademáis de paraxes de gran valor, non podemos quedarnos cos brazos cruzados e debemos ser conscientes de que a aplicación da Lei, referente á prevención de incendios forestais, cobra especial significación como única medida de protección contra esta terrible traxedia que asolagou nestas datas a nosa Comunidade.

A limpeza das fincas e montes ou o cumprimento das distancias de seguridade que contempla a Lei, convértense en medidas imprescindibles para a súa protección **sendo os propietarios, arrendatarios, usufructuarios ou titulares de terreos os responsables do cumprimento da mesma** e, polo tanto, da limpeza e coidado das propiedades.

### No caso de non limpar

O Concello notificará o deber de comezar a limpeza antes de 15 días e, no caso de incumprimento, poderá:

- Ordear os traballos de limpeza repercutindo os custes nos propietarios
- Obrigar a que se facilite o acceso para o cumprimento subsidiario da limpeza
- Comezar o procedemento sancionador

### Nova mellora na recollida selectiva

O Concello ven de recibir, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, unha achega de **1.950 €** para colectores de papel-cartón e unha achega de **2.280 €** para colectores de envases lixeiros.

Esta dotación, ven a dar resposta á demanda realizada polo Concello consciente da importancia que ten para os veciños poder contar con colectores próximos ós seus domicilios.

Unha medida que contribúe á mellora da recollida selectiva e ó incremento do reciclaxe revertendo así, tanto na nosa economía, como na calidade do medio ambiente.

## 24 de novembro. Xornada contra a violencia de xénero

Seguimos apoiando a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero realizando un acto o **24 de novembro** ás **20:00 h** no Local Social de Viñas.

O Alcalde invita a tódalas persoas a dar testemuña, coa súa presenza, do rechazo a este grave problema que está a causar tanta dor nas familias que a sofren.

Neste acto, e despois das palabras do Alcalde, contaremos coa actuación da Asociación Cultural Cardume que representará a obra "Entre Bambolinas".

## Taller gratuito no Concello sobre o uso responsable das novas tecnoloxías

Para rapaces e rapazas de entre 14 e 16 anos. As redes sociais están presentes no día a día dos rapaces; isto permite relacionarse con xente que non se coñece, manter contacto con persoas que non se ven tódolos días, deixar comentarios en muros alleos, crear grupos, colgar fotos ou comentar intereses, entre outros.

É moi importante que fagan un uso responsable das novas tecnoloxías sendo conscientes da repercusións que algúns "malos usos" poden ter nas súas vidas.

Por iso, o Concello quere poñer a súa disposición as ferramentas axeitadas que lles proporcionen uns criterios claros e responsables no manexo das mesmas.

Será unha sesión de dúas horas na Casa do Concello. A data queda pendente do número de rapaces e rapazas interesados para o cal se abre un período de inscrición ata finais de mes que se pode facer efectiva chamando por teléfono á Oficina Municipal de Información Xuvenil.

## Aprobación en Pleno dos festivos locais para o 2018

O Concello de Paderne ven de aprobar en Pleno de 28 de setembro de 2017, a elección dos días **13 de febreiro**, martes de entroido, e **8 de marzo**, Día da Muller, como festivos locais.

Dúas importantes e significativas datas que forman parte, tanto da tradición da nosa Comunidade, como das reivindicacións e principios polos que, en Paderne, vimos loitando desde fai moitos anos.

Con esta elección, pretendemos dar unha maior relevancia ó que estas datas representan, ademais de significar, no caso do Día da Muller, un homenaxe a tódalas mulleres que día a día loitan por ocupar o lugar que lles corresponde na sociedade, por sacar adiante a súa familia e por defender o seu dereito a un traballo digno a pesares dos esforzos que aínda deben que facer por conciliar a vida familiar e laboral.

## Inspección técnica de vehículos agrícolas

Do **27 ó 29 de decembro** realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com) – Cita previa.

As horas que vai a estar este servizo en Paderne son de 9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h. De luns a venres.